

CONVOCATORIA PÚBLICA DE CONTRATACIÓN DE PERSONAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público Nº 2/2015 para contratar a persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I e II da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I e II da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo III desta convocatoria, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente: Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.

Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D

Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexos I e II destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren nos anexos I e II destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte , un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que se indican, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

11.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Os resultados provisionais publicaranse, establecéndose un prazo de reclamacións de 3 días naturais. Vistas as reclamacións ou transcurrido dito prazo sen que se tivese presentado ningunha, publicaranse os resultados definitivos.

A comisión, para elaborar a proposta de adjudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adjudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, para a súa adjudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adjudicación do posto convocado.

12.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía .

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1º.a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2015


Por delegación do Reitor

(Resolución do 19/06/2014, DOG 30/06/2014)

A Vicerreitora de Investigación e Innovación,



Isabel Rodríguez-Moldes Rey



ANEXO I

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GRC GI-1638 Arquitectura de Computadores
Referencia da actividade: 2014-PG108
Centro de traballo : CITIUS
Investigador Principal: Díaz Bruguera, Javier

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Desenvolvemento de técnicas eficientes para o procesamento de información LiDAR

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1200,00€
Duración do contrato: 21 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Enxeñaría Informática Enxeñería Superior en Informática, Física ou Matemáticas

MÉRITOS: Expediente académico, 40 puntos. Experiencia en software de GIS, 30 puntos. Entrevista persoal, 30 puntos

PROXECTO

Título da actividade:	Papel de los inhibidores del ciclo celular en la biología de las células madre normales y tumorales - Proxectos de Grupos Emerxentes
Referencia da actividade:	2012-PG241
Centro de traballo:	CIMUS
Investigador principal:	Anxo Vidal Figueroa

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Traballos destinados a estudar o papel dos inhibidores do ciclo celular na bioloxía das células troncais normais e tumorais.
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1300 €
Duración do contrato:	2 meses y 25 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Doutor en Bioloxía, Farmacia, Medicina, Veterinaria ou Bioquímica. Acreditación da categoría C para experimentación animal (segundo o RD 1201/2005, recoñecida polo RD 53/2013)
MERITOS:	Experiencia investigadora acreditada no campo do ciclo celular, células troncais, oncoloxía ou experimentación animal, 50 puntos. Cursos de formación no ámbito de animais de experimentación (a maiores do curso de capacitación), 30 puntos. Entrevista persoal (aos candidatos que superen os 50 puntos nos dous primeiros apartados), 20 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Cotovía. Termigal. Alir. Promoción e apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Referencia da actividade:	2013-CP119
Centro de traballo:	Facultade de Filoloxía/Centro Ramón Piñeiro
Investigador principal:	Manuel González González

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Preparar a documentación e as propostas para a comisión de validación terminolóxica da RAG, traballo en terminoloxía sistemática, preparación de TERGAL e estudo e resolución de cuestións de terminoloxía puntual
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1895 €
Duración do contrato:	8 meses y 21 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a ou grado en Filoloxía Galega Licenciado/a ou grao en Tradución
MERITOS:	Expediente académico, 15 puntos. Formación e experiencia en traballo terminolóxico, 35 puntos. Publicacións no ámbito da terminoloxía, 20 puntos. Coñecemento de idiomas, 10 puntos. Entrevista persoal, 20 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Corpus de referencia do galego actual (Corga-Xiada). Promoción e apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Referencia da actividade:	2013-CP126
Centro de traballo:	Facultade de Filoloxía/Centro Ramón Piñeiro
Investigador principal:	María Sol López Martínez

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Coordinación e supervisión sobre os documentos que se incorporen ao Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) e mellora do sistema de regras do Etiquetador/Lematizador do Galego Actual /XIADA).
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1898 €
Duración do contrato:	8 meses y 21 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Doutor/a en Filoloxía Galega ou doutor/a en Filoloxía Hispánica
MERITOS:	Expediente académico, 20 puntos. Experiencia en codificación etiquetación e lematización de corpus en galego, 20 puntos. Experiencia en construción de corpus e recuperación e extracción de información, 20 puntos. Publicacións na área, 20 puntos. Entrevista, 20 puntos.

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. (GPC) GI-1456 Comportamento Social e Psicometría Aplicada COSOYPA.
Referencia da actividade: 2013-PG038
Centro de traballo : Facultade de Psicoloxía
Investigador Principal: Sabucedo Cameselle, José Manuel

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Xestión da plataforma da Revista JCR dirixida por un membro do grupo e Organización de recollida e tratamento de datos no proxecto de investigación “Comportamento Social e Psicometría Aplicada COSOYPA.”

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1300,00€
Duración do contrato: 4 meses e 3 días
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao Psicoloxía

MÉRITOS: Experiencia en xestión de revista científica, 50 puntos.
Participación en proxectos de investigación en psicoloxía política, 30 puntos. Nivel alto de inglés, 20 puntos

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. (GRC) GI-1626 Cromatografía e Quimiometría CromChem.
Referencia da actividade:	2013-PG086
Centro de traballo:	Instituto de Investigacións e Análises Alimentarias
Investigador principal:	Rafael Cela Torrijos

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Análise de mostras por GC-QTOF
-----------------------------	--------------------------------

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	900 €
Duración do contrato:	8 meses y 16 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a ou Graduado/a en Química-Estar matriculado nun programa de doutoramento. Deberá estar matriculado no curso de doutoramento na USC
MERITOS:	Experiencia en GC-QTOF, 50 puntos. Experiencia na preparacion de mostras, 25 puntos. Coñecementos en espectrometría de masas, 25 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	A nova esquerda e a violencia revolucionaria. Perspectivas comparadas da violencia política en América Latina e Europa (1960-1990). EMERXENTES
Referencia da actividade:	2014-PG011
Centro de traballo:	Facultade de Xeografía e Historia
Investigador principal:	Rey Tristán, Eduardo

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Tarefas de investigación vencelladas co Proxecto: “organización recursos científicos e de investigación; xestión e análise base de datos violencia política; co-producción de resultados científicos específicos”.
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1200 €
Duración do contrato:	6 meses y 1 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Doutor/a en Historia
MERITOS:	Experiencia investigadora en temas relacionados coa historia política contemporánea latinoamericana, 60 puntos. Producción publicada en torno a temas vencellados a violencia política e a represión en América Latina contemporánea, 30 puntos. Coñecemento básico (demostrable) de ofimática para manexo bases de datos, 10 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Nanopartículas funcionalizadas de sílice e titania: síntese, caracterización e aplicación en catalise. EMERXENTES
Referencia da actividade:	2014-PG019
Centro de traballo:	CIQUS
Investigador principal:	Alberto José Coelho Cotón

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Síntese de nanoreactores derivados de óxidos inorgánicos empregando a técnica de robocasting. Encapsulación de especies catalíticas en nanoreactores de natureza inorgánica.
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1714.29 €
Duración do contrato:	6 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Doutor/a en Químicas
MERITOS:	Experiencia na encapsulación de especies catalíticas en nanoreactores inorgánicos, 50 puntos. Experiencia en reaccións multicomponente e manexo de equipos e robocasting e microondas, 30 puntos. Entrevista, 20 puntos

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1754 Unidade de Psicoloxía Forense
Referencia da actividade:	2014-PG028
Centro de traballo:	Facultade de Psicoloxía
Investigador principal:	Ramón Arce Fernández

Número de prazas:	2
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Análise de contido no ámbito da práctica forense Tratamento de bases de datos. Elaboración de informes de investigación
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	939 €
Duración do contrato:	8 meses y 22 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Técnico superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía
MERITOS:	Experiencia e formación investigadora en Psicoloxía Xurídica e Forense, 40 puntos. Formación e experiencia en análise de contido e na aplicación dos proctolos e técnicas da Unidade de Psicoloxía Forense da USC, 40 puntos. Entrevista persoal (soamente para os dous candidatos con maior puntuación),20 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1883 Grupo de Análise e Modelización Económica
Referencia da actividade:	2014-PG035.00
Centro de traballo:	IDEGA
Investigador principal:	Fernández Fernández, Melchor

Número de prazos:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Deseño de indicadores para a análise da desigualdade de xenero no mercado laboral. Deseño dun indicador sintético de desigualdade de xenero a escala rexional. Elaboración e contraste de modelos explicativos da desigualdade por xénero.
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1800 €
Duración do contrato:	3 meses y 22 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Doutor/a en economía
MERITOS:	Tese de doutoramento no ámbito de Economía, 10 puntos. Publicacións científicas e asistencia a congresos no ámbito de Economía. Valorarase especialmente ter artigos publicados en revistas internacionais con factor de impacto, 30 puntos. Participación en proxectos de investigación no ámbito de Economía, 30 puntos. Entrevista persoal, 30 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1883 Grupo de Análise e Modelización Económica
Referencia da actividade:	2014-PG035.01
Centro de traballo:	IDEGA
Investigador principal:	Fernández Fernández, Melchor

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Completar e ampliar unha base de datos sociosanitarios e laborais a escala local e desenvolvemento de cartografías dixitais en espazo web.
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	525 €
Duración do contrato:	6 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Axudante de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Bacharelato
MERITOS:	Formación en elaboración, mantemento e tratamento base de datos e aplicacións informáticas de xestión de datos sociosanitarias e laborais, 30 puntos. Formación en deseño e mantemento páxinas web, 30 puntos. Experiencia en actividades de apoio a investigación, 20 puntos. Entrevista persoal, 20 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1597 Descubrimento e síntese de fármacos
Referencia da actividade:	2014-PG037.00
Centro de traballo:	Instituto de Farmacia Industrial
Investigador principal:	García Mera, Xerardo Xusto

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Desenvolver modelos informáticos que permitan avaliar a posible actividade neuroprotectora de moléculas candidatas a fármacos neuroprotectores.
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1300 €
Duración do contrato:	2 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a en Farmacia ou Licenciado/a en Medicina Estar matriculados nun programa de doutoramento na USC
MERITOS:	Experiencia demostrable no desenvolvemento de metodoloxías QSAR, 40 puntos. Experiencia demostrable na aplicación de metodoloxías QSAR ao campo da neuroprotección., 40 puntos. Entrevista Persoal, 20 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1597 Descubrimento e síntese de fármacos
Referencia da actividade:	2014-PG037.01
Centro de traballo:	Instituto de Farmacia Industrial
Investigador principal:	García Mera, Xerardo Xusto

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Desenvolvemento de estratexias multicomponente en síntese de fármacos para receptores de adenosina. Métodos multicomponente para a síntese de ferramentas farmacolóxicas.
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1714.29 €
Duración do contrato:	12 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo completo
Categoría:	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Doutor/a en Química
MERITOS:	Experiencia demostrable en síntese de ferramentas farmacolóxicas para GPCR, 50 puntos. Experiencia demostrable no traballo con reactivos poliméricos e estudos SAR, 30 puntos. Entrevista Persoal, 20 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1912 MÉTODOS CUANTITATIVOS E XESTIÓN DE EMPRESAS AGROALIMENTARIAS
Referencia da actividade:	2014-PG063
Centro de traballo:	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Investigador principal:	José Carlos de Miguel Domínguez

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Elaboración dunha monografía para a súa publicación internacional a partir dos resultados do proxecto de investigación 'Un indicador de lealdade do turismo con destino Galicia'.
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	900 €
Duración do contrato:	10 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Doutor/a en Economía
MERITOS:	Expediente académico, 20 puntos. Publicacións relacionadas co Turismo, 30 puntos. Asistencia a congresos relacionados co Turismo, 20 puntos. Entrevista persoal, 30 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-1595 Catálise Organometálica e Materiais Moleculares Orgánicos
Referencia da actividade:	2014-PG067
Centro de traballo:	CIQUS
Investigador principal:	Gutián Rivera, Enrique

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Síntese e caracterización de compostos aromáticos funcionais
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	600 €
Duración do contrato:	8 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a ou Graduado/a en Química-Estar matriculado nun programa de doutoramento Deberá estar matriculado nun programa de doutoramento da USC
MERITOS:	CV (valorarase expediente publicacións idiomas cursos congresos), 40 puntos. Experiencia en síntese e caracterización de c. aromáticos, 30 puntos. Entrevista, 30 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-2105 DESEÑO, SÍNTESE E EVALUACIÓN MÉDICA DE COMPOSTOS BIOACTIVOS E NOVOMATERIAIS
Referencia da actividade:	2014-PG072.01
Centro de traballo:	CIMUS
Investigador principal:	Mouriño Mosquera, Antonio

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Avaliación biolóxica de novos análogos da vitamina D, analizando a súa potencia antitumoral en liñas celulares de cancro. Determinarase binding, actividade calcémica, actividade transcripcional e proliferación celular.
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1714.29 €
Duración do contrato:	4 meses y 9 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Doctor en Ciencias Químicas
MERITOS:	Experiencia en cultivos celulares con liñas tumorales e experiencia profesional en manexo de animais de experimentación., 40 puntos. Artigos publicados en revistas internacionais relacionadas co cancro de mama., 30 puntos. Entrevista persoal., 30 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GPC GI-2105 DESEÑO, SÍNTESE E EVALUACIÓN MÉDICA DE COMPOSTOS BIOACTIVOS E NOVOSMATERIAIS
Referencia da actividade:	2014-PG072.02
Centro de traballo:	Facultade de Química
Investigador principal:	Mouriño Mosquera, Antonio

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Síntese dun novo metabolito da vitamina D
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1173 €
Duración do contrato:	6 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias Químicas- Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
MERITOS:	Formación teórica en Síntese Orgánica Avanzada, 30 puntos. Experiencia en Síntese da Vitamina D, 50 puntos. Entrevista persoal, 20 puntos

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1695 Obesidade e Nutrición
Referencia da actividade:	2014-PG080
Centro de traballo:	Facultade de Medicina e Odontoloxía
Investigador principal:	Felipe Casanueva Freijo

Número de prazos:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Manipulación de mostras de tecido adiposo de pacientes, illamento e caracterización de adipose derived stem cells, estudos de expresión génica e proteica, análise de datos, ensaios de dietética e nutrición.
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	1462 €
Duración do contrato:	12 meses
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Completo
Categoría:	Axudante de apoio á investigación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Técnico Superior de FP Dietética e Nutrición
MERITOS:	<p>Formación en Dietética e Nutrición, 20 puntos.</p> <p>Experiencia en planificación e organización de presentacións medicocientíficas, 10 puntos.</p> <p>Nocións avanzadas na catalogación e clasificación de documentación clínica-administrativa, xestión de proxectos e tramitación e seguemento de expedientes, 10 puntos.</p> <p>Funcións de apoio administrativo e operativo á dirección Editorial en revistas científicas, 10 puntos.</p> <p>Experiencia como administrativo, asistente, auxiliar ou postos similares, 5 puntos.</p> <p>Coñecementos de bases de datos de xestión bibliográfica, 10 puntos.</p> <p>Manexo de sistemas operativos paquetes ofimáticos internet e correo electrónico, 5 puntos.</p> <p>Entrevista persoal, 20 puntos.</p>

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1622 Grupo de Elementos Traza, Espectroscopía e Especiación
Referencia da actividade:	2014-PG098.00
Centro de traballo:	Facultade de Química
Investigador principal:	Pilar Bermejo Barrera

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Síntesis de polímeros de impresión molecular para su aplicación a drogas de abuso en muestras clínicas y manejo de LC-MS/MS
-----------------------------	---

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	625.60 €
Duración do contrato:	6 meses y 1 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS	
Titulacións:	Licenciado en Química- Graduado en Química- Deberá estar matriculado/a nun programa de doutoramento na USC
MERITOS:	Master en Química Avanzada, 10 puntos. Experiencia en síntesis de polímeros de impresión molecular para el análisis de drogas de abuso en muestras clínicas, 20 puntos. Experiencia en síntesis de quantum dots para el análisis de drogas de abuso y en espectroscopía de fluorescencia, 30 puntos. Entrevista persoal, 40 puntos.

PROXECTO

Título da actividade:	Consolidación e estruturación. GRC GI-1622 Grupo de Elementos Traza, Espectroscopía e Especiación
Referencia da actividade:	2014-PG098.01
Centro de traballo:	Facultade de Química
Investigador principal:	Pilar Bermejo Barrera

Número de prazas:	1
--------------------------	---

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar:	Síntese de polímeros de impresión iónica para mercurio. Determinación de mercurio por vapor frío con Espectroscopía de Absorción Atómica de Alta Resolución con Fonte Contínua
-----------------------------	--

CONDICIONS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual:	625.60 €
Duración do contrato:	6 meses y 1 días
Data de inicio prevista:	A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección.
Xornada laboral:	Tempo Parcial
Categoría:	Investigador/a en formación

